



CONCURSO DE CARTEIS “ROSARIO DA BOA MORTE” – Semana Santa 2018

O Concellería de Comercio, Hostalería e Turismo de Laxe, convoca o I Concurso de Carteis “Rosario da Boa Morte” con arranxo ás seguintes bases:

- 1. PARTICIPACIÓN.** Este Concurso está aberto a diseñadores, artistas, estudantes, creadores, e afeccionados en xeral. Polo tanto, poderán participar no mesmo cantas persoas estean interesadas, individualmente, podendo presentar cada unha delas un máximo de tres deseños.
- 2. TEMA.** O cartel debe facer referencia á Semana Santa de Laxe e máis concretamente á celebración do Rosario da Boa Morte.
- 3. CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS.** Nas obras presentadas deberá figurar de forma ben visible o seguinte texto:

Rosario da Boa Morte
Venres, 30 de marzo de 2018
Laxe

O deseño, sexa horizontal ou vertical, deberá contar cun espazo libre para a posterior inserción dos logotipos de organismos oficiais.

- 4. ADMISIÓN DAS OBRAS.** Soamente se admitirán a concurso as obras que fosen remitidas conforme ao disposto nas presentes bases.

Cada participante garante que é lexítimo titular de tódolos dereitos de propiedade intelectual inherentes ós carteis presentados, e garante tamén que non infrinxe dereitos de imaxe de terceiras persoas.

Non se admitirán a concurso aquelas obras que fosen remitidas por calquera lugar ou medio fóra do establecido nestas bases; aquelas que poidan vulnerar o dereito ó honor ou á intimidade de terceiras persoas ou que poidan resultar de mal gusto, ofensivas, difamatorias, xenófobas ou que conculquen a legalidade vixente. Tamén serán descartadas as obras que non reúnan a calidade esixida e aquelas que leven sinatura ou algunha outra marca identificativa.

- 5. PRESENTACIÓN E PRAZO DE ENTREGA.** Os autores que se presenten a concurso deberán realizar os **deseños en tamaño A3 e envíalos en formato impreso** á seguinte dirección postal:

Concello de Laxe – Avda. Cesáreo Pondal, nº26 – 15117 – LAXE
(A/a.- Concellería de Turismo)

A data límite para o envío de propostas será o mércores 28 de febreiro de 2018, da que dará fe o cuño postal.

No sobre remitido á organización deberá adxuntarse, debidamente cuberta, a folla de participación que figura como ANEXO I a estas bases.

- 6. DATOS PERSOAIS.** Os datos persoais necesarios para a admisión dos traballos serán empregados unicamente coa finalidade de xestionar e executar este Concurso. Non se empregarán para ningunha acción publicitaria, nin serán cedidos a ningunha empresa, nin inscritos en ningunha base de datos.



CONCELLO DE LAXE (A Coruña)

Avda. Cesáreo Pondal, 26 – CP 15117 – Teléfono 981 706 903
Telefax 981 728 025 – E-mail turismo@laxe.es



7. **XURADO.** Unha vez pechado o prazo de presentación dos traballos, o xurado constituído ó efecto reunirse para determinar cal é a persoa gañadora.

O resultado comunicaráselle ao gañador/a ao teléfono de contacto e á dirección de correo electrónico que así mesmo se faga constar.

Se no prazo de 3 días hábiles non fora posible contactar coa persoa gañadora, quedará automaticamente excluída do concurso e pasarase á obra seguinte na orde de valoración do xurado.

Unha vez establecida comunicación co/a gañador/a, este disporá de 3 días hábiles para comunicar a aceptación do premio **e presentar a obra en formato dixital de alta resolución**. Se transcurrido este prazo non se recibise resposta do/a premiado/a, entenderase que renuncia e procederase coma no apartado anterior.

As obras presentadas valoraranse tendo en conta os seguintes criterios:

- O contido artístico e as técnicas gráficas aplicadas
- O valor comunicativo e publicitario das mensaxes gráficas

O fallo do xurado será inapelable, podendo reservarse o dereito a declarar deserto o concurso se así o determina.

8. **PREMIO.** Establécese un único premio, intransferible, consistente na cantidade económica de 200 € (IVE incluído). Este premio será entregado nun acto público no Museo do Mar, o día da presentación ó público do cartel. O Concello de Laxe resérvase o dereito de pago supeditado á dispoñibilidade orzamentaria.

O premio poderá quedar deserto se así o estima o xurado.

9. **DEREITOS DE PROPIEDAD E REPRODUCCIÓN.** O traballo PREMIADO pasará a ser propiedade do Concello de Laxe. Quedará integrado nos arquivos dixitais municipais e poderá ser empregado en todo ou en parte, sen límites temporais nin territoriais con fins de exposición e promoción de carácter turístico, sen contraprestación económica para, a título enunciativo e sen carácter exhaustivo, facer difusión turística a través da publicación de folletos, publicidade en actos de promoción turística, ou calquera outro soporte e medio que se considere conveniente para o fin exposto. Deste uso non se derivarán dereitos de autor/a.

10. **ACEPTACIÓN DAS BASES.** A participación neste Concurso ten carácter gratuíto e supón a aceptación íntegra destas bases, reservándose esta Concellería a facultade de resolver calquera aspecto non previsto na súa redacción.



ANEXO I

**I CONCURSO DE CARTEIS “ROSARIO DA BOA MORTE”
FOLLA DE PARTICIPACIÓN**

DATOS DO/A CONCURSANTE A EFECTOS DE PARTICIPACIÓN E NOTIFICACIÓN	
NOME	
APELIDOS	
DIRECCIÓN	
NIF	
TELÉFONO DE CONTACTO	
CORREO ELECTRÓNICO	

RELACIÓN DE CARTEIS PRESENTADOS		
	TÍTULO	BREVE DESCRICIÓN DA OBRA
CARTEL 1		
CARTEL 2		
CARTEL 3		

DECLARACIÓNS E COMPROMISOS

(SI) Declaro que son o/a único/a autor/a dos carteis presentados a este concurso.

(SI) Declaro que son o/a lexítimo/a titular de tódolos dereitos de propiedade intelectual inherentes ós carteis presentados a este concurso.

(SI) Declaro que o(s) cartel(s) presentado(s) a concurso non foron publicados previamente.

(SI) Garanto que os traballos presentadas non infrinxen dereitos de imaxe de terceiras persoas.

(SI) Declaro a aceptación íntegra das bases que rexen o I Concurso de Carteis “Rosario da Boa Morte”

SINATURA DA PERSOA CONCURSANTE

Laxe , de de 2018.